

CONSELLO TERRITORIAL DO ALTO DO CASTIÑEIRO

Data: 09 de novembro de 2023

Lugar: Local Social do Alto do Castiñeiro

Hora de comezo: 16:00 h

Hora de remate: 17:30 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Ana Vanesa Bouzamayor Villasuso (Partido Popular)
- Beatriz Mosquera Puentes (Bloque Nacionalista Galego)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)

Veciñanza asistente:

- María Isabel Fernández (veciña do Alto, socia da AVV do Alto)
- Consuelo Magdalena Bouza (veciña do Alto, socia da AVV do Alto)
- César Celeiro González (veciño do Alto, socio da AVV do Alto)
- Manuel Fernández Veiga (veciño do Alto, socio da AVV do Alto)

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo a que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade.

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Aparcamento do Centro de saúde:
 - Pregúntase pola apertura e se será gratuíto ou de pago. Olga Ameneiro informa de que a obra xa está rematada, que falta colocar algún elemento e que pronto se abrirá ao público. Tamén informa de que será de zona azul, gratuíto pero cun tempo límite de uso (sobre 2h30').
- Mobilidade:
 - Beirarrúa Souto Vizoso: Infórmase de que hai un problema coa accesibilidade e seguridade polos problemas coas beirarrúas de Souto Vizoso. Tamén que hai unha focha n á altura do nº 160. A veciñanza solicita que se notifique á Deputación e que o Concello comunique á veciñanza que a fixo. Dende o PSOE destacan a necesidade de insistir e reiterar máis nas peticións que se lle realizan á Deputación. Olga informa de que a Policía Local xa fixo un informe sobre a focha do nº160 e que anualmente se realizan peticións anuais con informes detallados das necesidades á Deputación, mais que se compromete a reiterar as solicitudes.
- Marquesiñas:
 - Infórmase da falta de marquesiñas no último tramo da Estrada da Gándara. Destacan a da parada que queda no cruce coa rúa Domirón, mais que é un problema xeral deste tramo. Olga falará con Servizos.

Outros temas e necesidades abordadas no Consello territorial:

- Seguridade viaria:

- Rúa Domirón: A veciñanza informa do perigo desta rúa por varias razóns: non ten beirarrúas, é de dobre sentido, hai unha curva que dificulta a visibilidade e os coches circulan cun exceso da velocidade axeitada. Proponse que a rúa sexa dun sentido único, que aínda que poida xeral inconformidade ao principio é unha boa solución a medio prazo. Tamén fálase sobre o deslinde da estrada. Informan de que están en reunións co concelleiro de Urbanismo e Obras, que o mes de setembro tiveron unha reunión con el, co concelleiro de Seguridade viaria e coa Policía e que hai un proxecto en proceso.
- Mosteiro de Samos, nº8: Unha veciña comparte que a entrada da súa casa produce unha inseguridade, xa que é un tramo que quedou paralizado á espera de poder facer beirarrúas, pero que mentres non se actúa o estado actual provoca que sexa unha lameira xusto na entrada da súa casa. Darase aviso para ver que se pode facer.
- Mantemento de pistas e camiños:
 - R/ Río Sobecos: A veciñanza informa de que é unha estrada que precisa actuación sobre o alcantarillado, a recollida de augas fluviais e as beirarrúas (das que carece). Tamén informan de que están en conversas co concelleiro de Obras e Urbanismo. Olga Ameneiro queda pendente de facer seguimento destas cuestións.

Durante o Consello, tamén se fala do transporte escolar, en relación á seguridade viaria e á falta de marquesiñas e Olga Ameneiro informa de que se está a elaborar un informe coas necesidades dos centros educativos, para poder dar resposta a estas cuestións.

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e a participación das asistentes e o valor construtivo da conversa.

No Alto do Castiñeiro, a 09 de novembro de 2023.

A Secretaría